

PLAN DE ORIENTACIÓN

CEIP Da Laxe



CEIP DA LAXE
MARÍN





CEIP DA LAXE

República Argentina, 40

36900 Marín

TLF: 886151345

ceip.dalaxe@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,

EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	03
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO:	05
O CEIP DA LAXE.....	05
INFRAESTRUTURAS	05
SERVIZOS QUE OFRECE.....	06
PROFESORADO:.....	07
COLEXIOS COMPARTIDOS	08
DESCRICIÓN DA ZONA ATENDIDA.....	08
NECESIDADES-POSIBILIDADES DA ORIENTACIÓN.....	08
3. OBXECTIVOS.....	09
XERAIS:	09
ESPECÍFICOS.....	14
A) Con relación aos alumnos.....	14
B) Con relación ás familias	16
C) Con relación ao profesorado.....	16
E) Con relación a outras institucións.....	17
4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN	18
5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....	20
O PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	21
A ACCIÓN TITORIAL. O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	21
6. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN	22
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	22
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PO	23
7. ANEXOS	25



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

8. APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.....26



1. INTRODUCCIÓN

A lexislación educativa mais recente outórgalle á función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven:

- A orientación educativa e profesional dos alumnos debe ser un dos principios que inspira a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (Artigo 1º da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación).
- A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria (LOE, artigo 2º).
- A orientación educativa, académica e profesional do alumnado como función do profesorado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados. (LOE, artigo 91º.d).
- O dereito básico do alumnado de recibir orientación educativa e profesional e o dos pais a ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos e fillas (Disposición derradeira primeira da LOE. Modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación).

Nesta liña, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnos, profesores e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfronta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co contorno, contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenrolan nela e, conseguintemente, da acción educativa.

A orientación é un deber compartido por todos os mestres que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagóxico-didáctico que articula a medio e longo prazo as actuacións relacionadas coa orientación e a acción tutorial. Pero esta planificación non pode facerse de



maneira illada; é parte da organización pedagóxico-educativa do centro e, consecuentemente, debe incardinarse coa actividade e estrutura xeral deste. O Plan de Orientación conforma, pois, un epígrafe do PEC como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción tutorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro de profesores e as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

O noso PO, que imos desenrolar nos seguintes apartados, estrutúrase en varios bloques:

- Descrición do contorno no que se desenvolve o proceso orientador.
- Obxectivos da orientación para o conxunto do sistema.
- Accións de orientación prioritarias.
- Estratexias de intervención.
- Criterios e formas de avaliación do Plan de Orientación.
- Aprobación do Plan de Orientación.

Dentro das estratexias de intervención figuran o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Tutorial. Este último inclúe como subprogramas:

- O programa de acollida.
- O programa de preparación para a ESO.
-



2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO

O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Para iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc.

Imos recoller a continuación de forma somera algúns destes datos que debemos ter presentes:

O CEIP Da Laxe

Infraestruturas:

O CEIP “Da Laxe” confórmano tres bloques claramente diferenciados, os dous primeiros construídos no ano 1970 aproximadamente, o primeiro bloque é un edificio onde se atopan as aulas e despachos, formado por planta baixa e primeira planta, o segundo bloque, antigas vivendas do profesorado, que agora está situado o comedor, e o terceiro bloque onde está o pavillón e vestiarios, que se foi construíndo ós poucos

- Bloque A
 - Planta baixa:
 - 02 aulas de educación infantil.
 - 01 aula sensorial
 - 08 aulas de educación primaria
 - 01 aula de reforzo.
 - 01 aula de psicomotricidade.
 - 01 biblioteca.



- 01
secretaría.
- 01 despacho de Dirección.
- 01 Sala de fotocopiadoras e sala de material
- 01 despacho do Departamento de Orientación
- Baños para o alumnado e profesorado.
- 01 sala caldeira calefacción

- Planta primeira:
 - 01 sala de profesorado.
 - 01 aula de informática e robótica
 - 01 aula de plástica.
 - 01 aula de PT.
 - 01 aula de música.
 - 01 aula de lingua estranxeira: inglés.
 - 01 aula de relixión católica.
 - 01 aula de educación primaria.
 - Baños para o alumnado.

- Bloque B
 - Planta baixa:
 - Comedor escolar.
 - 04 antigas vivendas de mestres, agora destinadas a gardar material.

-

- Bloque C



- Pavillón deportivo e vestiarios.

Por outra parte, no recinto escolar sitúanse:

- Casa do conserxe.
- O patio escolar dividido en dúas zonas con:
 - Unha pista de baloncesto.
 - Xogos para os máis pequenos
 - Chave da acometida xeral da auga.
 - Bocas de rego
 - Espazos verdes circundantes.

Servizos que ofrece. Con carácter xeral

- Educación Infantil:
 - Dúas aulas de alumnos de tres catro e cinco anos.
- Educación Primaria:
 - Unha aula de alumnos de 1º.
 - Unha aula de alumnos de 2º
 - Dúas aulas de alumnos de 3º.
 - Un aula de alumnos de 4º.



- Dúas
de alumnos de 5°.

- Unha aula de alumnos de 6°.

- Profesorado:
 - 02 profesoras de Educación Infantil.

 - 07 profesores de Educación Primaria.

 - 01 profesora de música.

 - 01 profesora de educación física.

 - 01 profesora de lingua inglesa.

 - 01 profesora especialista en audición e linguaxe compartida con outro centro.

 - 01 profesor especialista en pedagogía terapéutica.

 - 01 profesora de relixión católica compartida con outro centro.

 - 01 profesor de relixión evanxélica compartida con outros centros.

 - 01 orientador



Colexios compartidos

O CEIP Da Laxe ten o departamento de orientación propio, non compartido con ningún centro. Está adscrito ó IES Mestre Landín.

Descrición da zona atendida

O CEIP Da Laxe sitúase na rúa República Arxentina na zona de A Laxe.

Acolle alumnos que viven nesta zona e as zonas de influencia próximas como a Barriada de Pescadores Virxe do Porto

As familias presentan un nivel de estudos medio-baixo.

A poboación alterna e complementa a actividade no sector primario (pesca) e no sector servizos,

En canto á situación lingüística, o estudio do centro indica que se usa maioritariamente o castelán, amosándose unha actitude favorable ao emprego de ambas linguas.

Necesidades-posibilidades da orientación

Coa análise dos datos aportados vemos que nos atopamos fronte a :

- Familias cunha crecente preocupación pola formación dos seus fillos que precisa e demanda, cada vez máis, asesoramento e apoio.
- Un alumnado que require unha atención singular e global que dea resposta ás súas necesidades.
- Profesorado de diferentes idades maioritariamente estable, que precisa asesoramento e apoio para facer fronte aos novos retos que o ensino demanda e está aberto ás iniciativas e á colaboración co Departamento de Orientación .

É por iso polo que é necesario un servizo de orientación que contemple unha intervención nos ámbitos do alumnado, do profesorado e das familias, no marco das actuacións que se establecen desde a propia Administración Educativa, pero partindo da realidade e dos condicionantes da zona e do propio centro educativo.

Partindo destas premisas e coa pretensión de ser realistas, eficaces e funcionais, formularemos os obxectivos deste Plan de Orientación, que se detallan no seguinte apartado.



3. OBXECTIVOS

Se ben o Plan de Orientación é un documento aberto que se transforma e evoluciona ao tempo que o fai a escola e a comunidade educativa, nace coa pretensión de ofrecer un marco estable que guíe a acción orientadora do centro. De aí que os obxectivos formulados enmarcarán unha proposta de traballo a medio- longo prazo que se irá enriquecendo anualmente con distintas achegas, pero sen perder esa función de eixo vertebrador firme que a labor orientadora precisa. Faise necesaria, entón, unha reflexión e toma de decisións coherente e axustada tendo en conta:

- O papel relevante e a importancia que da á función orientadora no sistema educativo a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- As funcións e os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación e da súa xefatura que se establecen no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros, (DOG 14/05/98) e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/07/98).
- A análise das necesidades, características e recursos da realidade do noso centro e o seu contorno.
- Os valores, obxectivos e prioridades de actuación e as decisións e opcións da comunidade educativa explicitadas no PEC
- Os criterios fixados polo Claustro de profesores e as directrices da CCP.

que nos leva a determinar que os obxectivos que deben guiar a acción deste Departamento de Orientaciónson:

Xerais

Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC e demais documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción, etc.



Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.

Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.

Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a comunidade educativa.

Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e na vida do centro.

Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.

Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos alumnos e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.

Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativa e, en particular, aos órganos de goberno do colexio, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.

Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

Específicos

A) Con relación aos alumnos:

Desenvolvemento persoal e social

Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a integración no grupo clase.

Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenrolando habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración dos nenos no grupo.

Orientar a potenciación do desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social coa colaboración das familias.

Facilitar a inclusión educativa e a integración escolar e social do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.



Axudar a desenvolver no alumnado un adecuado coñecemento e valoración de si mesmo, facilitando a progresiva toma de conciencia sobre as súas propias capacidades, posibilidades e intereses.

Atención á diversidade e apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe

Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos.

Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemáticos.

Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado en situación de desvantaxe.

Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición das aprendizaxes instrumentais, básicas na educación primaria.

Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.

Impulsar a eliminación dos obstáculos físicos, organizativos ou curriculares que dificulten a acollida, a adaptación escolar e o desenrolo educativo do conxunto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo: alumnado con necesidades educativas especiais, inmigrantes, alumnado con dificultades de aprendizaxe, alumnado afectado por enfermidades que dificultan o seu proceso educativo, etc.

Orientación académica

Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como a responsabilidade, perseveranza, toma de decisións, traballo en equipo, experimentación e creatividade.



Convivencia

Contribuír á socialización do alumnado promovendo unha formación en valores conectada coa realidade social e comprometida con principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto, solidariedade, etc, concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.

Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.

Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.

Transición e coordinación entre etapas educativas

Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil e ao alumnado inmigrante.

Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.

B) Con relación ás familias:

Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos.

Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desventaxa socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.

Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos con necesidades educativas de apoio educativo.

C) Con relación ao profesorado:

Asesorar na elaboración dos documentos do centro.



Proporcionar información acerca da normativa de desenvolvemento da LOE-LOMLOE e da relacionada co proceso educativo, a institución escolar e, en xeral, co seu ámbito de traballo.

Apoiar e asesorar no desenvolvemento das accións derivadas do desenvolvemento da LOE-LOMLOE

Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.

Recabar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.

Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.

Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.

Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.

E) Con relación a outras institucións e órganos externos:

Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de orientación específico, Departamento de Orientación do IES e Departamentos de Orientación doutros centros de EP.

Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello, etc, aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.



PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva.

En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades da nosa comunidade educativa, fixamos os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora no noso centro.

Cumpre neste momento a análise da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o centro ten determinadas.

Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do noso centro son os criterios que guían o establecemento das accións prioritarias.

O desenvolvemento dalgunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenrolo de outras a vindeiros cursos.

Moitas das accións prioritarias aparecen recollidas nos respectivos subplans que conforman este Plan de Orientación. De todos xeitos, podemos destacar as seguintes:

Asesorar e colaborar na elaboración e revisión dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.

Asesorar e colaborar nos procesos de elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, especialmente no relativo á promoción da convivencia e atención á diversidade e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións titoriais e das medidas contempladas no PAT.

Deseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.



Expor propostas para mellorar os canles de coordinación co orientador do centro de secundaria e facilitar o tránsito do alumnado entre estas etapas educativas.

Asesorar á Comunidade Educativa en relación as actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.

Asesorar e informar acerca das normas de desenvolvemento da LOE-LOMLOE e procesos e accións educativas que derivan destas.

Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno.

Manter actualizado o Plan de Orientación concretando no PAADO as actuacións previstas para o curso.

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da comunidade educativa, e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro.

Pero para dirixir as accións e conseguir os obxectivos expostos é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos subplans:

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.
- A importancia da participación activa dos mestres no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
- A importancia dos titores como coordinadores dos equipos docentes, coa función de aunar e ordenar medios e esforzos para unha acción común eficaz.
- As especialistas en PT e AL: ninguén mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación,... e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
- O impulso do orientador coa presentación de iniciativas, propostas, proxectos,...que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.



- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e coas familias.

Como xa sinalamos na introdución deste documento, son estratexias de intervención o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial. Este último inclúe como subprogramas:

- O plan de acollida
- O programa de preparación para a ESO.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de todos os alumnos, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.

Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente.

A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade. (Anexo I).

A acción titorial. O Plan de Acción Titorial

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores.

Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o Plan de Acción Titorial. (Anexo II)



6. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que ao Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co do plan anual de actividades do Departamento de Orientación (PAADO). Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

Criterios de avaliación

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos expostos nel e veñen determinados por:

- a) A realización das actuacións previstas nos diferentes subpláns.
- b) A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- c) A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- d) O grado de axuste á realidade do colexio.
- e) A resposta á diversidade.
- f) O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- g) O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de



desenvolvemento da LOE-LOMLOE.

- h) A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- i) A relación cos axentes externos
- j) O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- k) A promoción e apoio á convivencia.

Procedementos e instrumentos de avaliación do plan

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes procedementos e/ou instrumentos:

- a) As reunións de coordinación
- b) Cuestionarios
- c) Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico
- d) Entrevistas.
- e) Análise do clima de convivencia no centro.
- f) Memorias finais
- g) Análise de documentos
- h) Análise de tarefas que nos darán información acerca de:



- a) Desenvolvemento das accións prioritarias.
- b) As accións previstas e non realizadas.
- c) As modificacións e/ou actuacións introducidas.
- d) Reunións celebradas.
- e) A participación nas reunións do Departamento.
- f) O número de demandas recibidas.
- g) O número de demandas atendidas.
- h) Instrumentos e/ou documentos elaborados.
- i) O desenvolvemento do propio PAADO.
- j) Outras que poidan ser de interese.

No anexo III incluímos un cuestionario para a avaliación das actuacións do Departamento de Orientación que figuran no epígrafe 4 deste Plan.

Así mesmo, cada unha das estratexias de intervención do Plan de Orientación conta cun cuestionario específico para facilitar a súa avaliación e, en definitiva, a avaliación do propio Plan que tamén figuran no referido anexo III



7. ANEXOS

Inclúense o Plan Xeral de Atención á Diversidade (anexo I), o Plan de Acción Titorial (anexo II) cos correspondentes subprogramas que o conforman e os documentos e cuestionarios de avaliación aos que se fai referencia nos distintos epígrafes do Plan de Orientación (anexo III).

8. APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Este Plan de Orientación conta co respaldo do Claustro de profesores, do Consello Escolar e a aprobación da dirección do centro como parte integrante do PEC .



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PXAD





INDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	2
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	4
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS	5
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	7
5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS	17
6. ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO	18
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ,ASI COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.....	21
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES ETITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.....	22
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	24
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN	25
11. ANEXOS.....	27



1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

CONTEXTO LEGAL.-

A lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, o Decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG do 27), polo que seregula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo (DOG do 31) que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares anuais, regulan e dan coherencia á organización e funcións dos servizos de orientación na nosa comunidade. O Decreto 229/2011 do 7 de Decembro polo que se regula a Atención a diversidade do alumnado dos centro docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Enténdese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos alicientes básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

1. Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
2. Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
3. Adoptar una metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
4. Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar o significado dos novos contidos que se deben aprender.

A elaboración deste documento xorde da necesidade de planificar medidas que faciliten unha resposta axeitada as necesidades específicas que presentan os alumnos escolarizados neste centro.



CONTEXTO DO CENTRO.-

O CEIP de A LAXE está situado no concello de Marín. Dito concello pertence a provincia de Pontevedra e está situado na comarca das Rías Baixas. Conta cunha poboación de máis de 26.000 habitantes.

O sector de traballo maioritario é o pesqueiro non só polo elevado porcentaxe de poboación que traballa nestas tarefas, senón polo gran número de empregos indirectos que xera. Destacar tamén o sector servizos na zona urbana e na zona rural o traballo no agro.

As condicións socioeconómicas dos pais dos nosos alumnos/as, en xeral, é medio – baixo .

A poboación é maioritariamente orixinaria da zona, aínda que, nos últimos anos, xitana. Hai tamén alumnado procedente do estranxeiro con problemas de idioma que dificulta bastante o ritmo de aprendizaxe nas aulas, que vai sendo cada vez maior co transcórrese do curso.

Outro dato de interese, desde o punto de vista educativo, ten que ver coa maioritaria ocupación dos pais na pesca, actividade que en moitos casos ocasiona longas ausencias da casa. A nai ten que face-lo dobre papel nai-pai, tarefa que non é nada doada e que en ocasións xera problemas que se reflicten no eido educativo.

Dito Centro de Educación Infantil e Primaria de A LAXE, está situado como sinaléi anteriormente no concello de Marín, na rúa República Arxentina, 40, teléfono e fax: 986881238.

Nel impártese Educación Infantil en tres aulas (3,4 e 5 anos respectivamente), e Educación Primaria en 10 aulas distribuídas en dúas aulas por cada nivel, agás en 1º e 6º, que só hai unha.

Aténdese a un total de 206 alumnos/as, cun total de 25 profesores dos que 13 son titores/as. O resto son os especialistas, orientadora, e as mestras de relixión católica e evanxélica.

Conta cun 8% de alumnado de etnia xitana no que se detecta un relativo e preocupante absentismo, xerado polo escaso interese destas familias respecto á integración escolar, que eles queren xustificar aducindo á organización familiar . Así mesmo, destacamos a porcentaxe, 12%, de alumnado de orixe marroquí, cun bo nivel de integración.

Os/as nenos/as empregan principalmente o castelán.

O horario lectivo deste centro é de 9 a 14 horas ao longo da semana, e dentro do mesmo adícase, cada día, como tempo de ocio e lecer de 11:35 h a 12h.

Dentro do horario complementario teñen fixado o tempo de 16 a 19 h. o martes pola tarde para levar a cabo as titorías cos pais e as reunións dos equipos de ciclo e outros órganos de coordinación. As titorías lévanse a cabo dende as 16 a 17 h. e as reunións de equipos, ciclos,... de 17 a 19 h.



2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A avaliación inicial é un instrumento básico para identificar e valorar as necesidades do alumnado, os recursos dispoñibles, para poder axusta-la resposta pedagóxica ás características individuais e ás necesidades de cada alumno ou grupo de alumnos, facilitar a progresión satisfactoria no proceso de ensinanza aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento nas competencias clave.

Está avaliación levarase a cabo durante o primeiro mes do curso escolar, será realizada pola persoa titora. Incluirá a análise dos informes persoais da etapa ou nivel anterior e canta documentación exista relativa ao alumno ou alumna en cuestión, e complementarase coa información obtida das familias. Permitirá tomar as decisións oportunas relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna.

Durante o primeiro mes de curso, a xefatura do departamento de orientación, xunto coas especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe reuniranse, individualmente, con todas as persoas que exerzan a titoría no centro.

No caso de alumnos que se incorporen unha vez comezado o curso, a avaliación inicial farase no momento da súa chegada.

A avaliación inicial, constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

Unha vez finalizada a avaliación inicial, o departamento de orientación recollerá todas as solicitudes de valoración psicopedagóxica por escrito dos titores/as (segundo modelo Anexo). A xefatura do departamento de orientación elaborará os horarios de intervención das especialistas de audición e linguaxe, que será presentado á xefatura de estudos na última semana do mes de setembro.

Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumna e de cada alumno, especialmente os resultados acadados en función dos obxectivos propostos a partir da avaliación inicial realizada.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que



se

consideren oportunas.

A grandes trazos as **NECESIDADES QUE PODEMOS ATOPAR NO CENTRO** xiran en torno a:

- Alumnado con problemas para seguir o proceso habitual de ensino-aprendizaxe.
- Alumnado con necesidades educativas especiais permanentes (TXD, TEA, hiperactividade,...).
- Alumnado con problemas de conduta ou que presenta condutas disruptivas que interfieren no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Existe unha especial sensibilidade en relación co fracaso escolar do alumnado con problemas familiares que causan absentismo escolar ou certa desatención,...
- A integración de alumnos/as procedentes do estranxeiro, ben polas dificultades lingüísticas por descoñecemento do idioma, ben polas diferenzas curriculares co/s pais/esde orixe.
- Alumnado con dificultades nas linguas vehiculares, que non procede do estranxeiro.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O OBXECTIVO XERAL a acadar é:

- **Atender á diversidade do alumnado do centro programando medidas que respondan ás necesidades individuais dos/as alumnos, partindo dun tratamento educativo personalizado que lles permita a consecución das competencias clave e dos obxectivos dos diferentes ciclos, niveis, etapas e materias de ensinanza.**

Para conseguirmos este obxectivo, partimos dos seguintes OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Con respecto ao centro

- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade
- Promover a cooperación entre o Centro e as familias
- Fomentar a cooperación de toda a Comunidade educativa nas tarefas de atención á diversidade.
- Transmitir a información individualizada na transición da Primaria a Secundaria.



Con

respecto aos alumnos/as

- Prever, detectar e tratar as dificultades de aprendizaxe
- Explorar psicopedagógicamente ao alumnado derivado polos docentes, as familias ou Xuntas de Avaliación, que o necesite.
- Revisar ou modificar as medidas de apoio ó alumnado que precise inclusión no sistema educativo
- Seguir aos alumnos/as de Reforzo Educativo
- Asesorar nas elaboracións de AC e programas de Reforzo Educativo
- Revisar ou modificar as medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe
- Participar nas sesións da avaliación e reunións do equipo docente
- Atender ao alumnado que presente condicións de diversidade, xestionando a súa situación.

Con respecto aos profesores/as

- Transmitirlles información acerca da Avaliación Psicopedagóxica e de aspectos persoais, sociais, ou familiares que repercutan no proceso educativo dos alumnos/as
- Coordinar AC e RE
- Informar das medidas metodolóxicas que poden aplicar nos Reforzos Educativos e Agrupamentos Flexibles
- Intercambiar información sobre calquera problema do alumnado e tratar de remedialo
- Plantexar outras medidas de atención á diversidade, segundo a problemática existente.

Con respecto ás familias

- Solicitalles a súa colaboración no intercambio de información para intentar solucionar os problemas do alumnado
- Demandarlles a súa colaboración para calquera das medidas a levar a cabo: adaptación, reforzo...
- Informalos sobre calquera aspecto que poida incidir na educación dos seus fillos.

Con respecto a outras Institucións ou profesionais

- Solicitar a cooperación dos Servizos de Asistencia Social da zona cando se considere que a problemática presentada polo alumno/a poida ser de orixe familiar ou social
- Traballar en coordinación cos organismos que leven os casos de alumnado que requira unha atención



específica: Saúde Mental, Menores,...

- Pedir a cooperación doutros profesionais externos ó Centro (Logopedas, pediatras, psicólogos, psiquiatras)
- Solicitar a cooperación do Equipo Orientación Específico, cando se considere.

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE.

Atención xeral.

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar.

Así, o requirido pola diversidade dos nosos alumnos/as abarca un amplo abano que inclúe a necesidade de exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos, a encomenda de certas responsabilidades, a necesidade de ser posto frecuentemente en situación de éxito, etc.

En síntese, trátase de que cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas posibilidades. Adaptándonos ás súas características e condicións individuais. Neste tipo de actuacións é preciso que o profesorado coñeza a situación persoal de cada alumno/a: os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen, que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno que facilite o seu achegamento o currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fora da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula, etc, sendo fundamental que o titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado.

Seguindo as liñas indicadas no Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sinalamos dous tipos de medidas: ordinarias e extraordinarias (as que aparecen en negra son as que se están levando a cabo no centro actualmente).



MEDIDAS ORDINARIAS

- a) Por un lado temos as medidas ordinarias que son aquelas que non alteran os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, como:
- b) Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula, ás características do alumnado.
- c) Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro e ao alumnado.
- d) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e outras que promovan a inclusión.
- e) Adaptación dos instrumentos de avaliación e dos tempos.
- f) Aulas de atención educativa e convivencia e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- g) Desdobramentos de grupos.
- h) Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria
- i) Programas de enriquecemento curricular.
- j) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- k) Programas de recuperación.
- l) Programas específicos personalizados.
- m) Programas de habilidades sociais

A continuación faise referencia, máis pormenorizadamente, a cada unha das medidas ordinarias que se están levando a cabo no centro:

❖ **ADECUACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA A OS CENTRO E DA ORGANIZACIÓN DA AULA, ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.**

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensinanza aprendizaxe ás características particulares de cada alumno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización da metodoloxía e organización, potenciando ademais a cooperación da familia na educación dos seus fillos/as. En síntese, trátase de que, a cada alumno se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.



❖ **ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS AO CONTORNO DO NOSO CENTRO E AO ALUMNADO.**

Tendo en conta a autonomía do centro e os sucesivos niveis de concreción curricular os equipos docentes elaborarán as súas programacións didácticas entendidas coma “*un conxunto de decisións adoptadas polo profesorado dunha especialidade dun centro educativo, ao respecto dunha materia ou área e do nivel no que se imparte, todo iso no marco do proceso global de ensinanza – aprendizaxe*”. E, posteriormente cada profesor, dentro da súa aula adaptará dita programación ó alumnado da súa aula, atendendo deste xeito ao grupo heteroxéneo.

❖ **ADAPTACIÓN DOS TEMPOS E INSTRUMENTOS OU PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Pode ser preciso levar a cabo adaptacións en canto ao *que, como e cando avaliar*, para o que será aconsellable facer unha revisión e adecuación dos criterios de avaliación e promoción; instrumentos, estratexias e momentos de avaliación: explicitación do proceso de identificación e valoración de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo; establecer criterios de avaliación tendo en conta as N.E.A.E.; adquirir, elaborar e/ou adaptar instrumentos de avaliación; facer adaptacións no proceso de avaliación (deixarlles máis tempo, maior número de probas, probas orais,...), etc.

❖ **MEDIDAS E ACTUACIÓNS DESTINADAS Á MELLORA DA CONVIVENCIA**

Están encamiñadas a atender ao alumnado que pola súa conduta disruptiva impida o normal desenvolvemento do traballo do grupo – clase e explicitadas no Plan de Convivencia do centro.

❖ **REFORZO EDUCATIVO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA.**

O reforzo afecta aos elementos non prescriptivos do currículo (secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos dos alumnos e todo o incluído na metodoloxía). Está dirixida a aqueles alumnos/as que con esta medida poidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. Elaboradas polo mestre/a de área, desenvólvense segundo as necesidades dentro

Ou fora da aula ordinaria. Aqueles mestres/as que teñan dispoñibilidade horaria poderán dar reforzos individuais o por grupo a aqueles alumnos/as que, anteriormente se decidise que eran susceptibles desta medida. O proceso asegurir sería:



- O titor determinará, xunto co equipo do grupo, os alumnos e alumnas que necesitan reforzo educativo ordinario.
- Determinar en que áreas ou materias son necesarios ditos reforzos.
- Determinar se eses reforzos serían individuais ou en grupo.
- Tendo en conta a dispoñibilidade horaria dos docentes, establecer os reforzos, respectando o horario dos alumnos e alumnas que están sendo atendidos polas especialistas en P.T. e ou A.L. (que terán carácter prioritario).
- Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumnado fóra do grupo ordinario.
- Elaboración por parte do titor/a do programa de reforzo.

❖ **PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS.**

Elaborados polo D.O. para o alumnado con condutas disruptivas, seguindo as directrices do Plan de Convivencia.

Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.(ACNEAE)

Segundo a lexislación vixente, a LOE na redacción dada pola LOMCE, prevé a adopción destas medidas co alumnado que presenta necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, para que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Adoptaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias e será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, da inspección, da xefatura territorial ou da dirección xeral e, se é o caso, o informe xustificativo do correspondente servizo de orientación, seguindo a medida a adoptar.

- a) Adaptacións curriculares.



- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado de PT e AL
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de diversificación curricular.
- f) Programas de cualificación profesional inicial.
- g) Atención educativa a aqueles alumnos que por razóns diversas, presentan dificultades para una asistencia continuada ao centro educativo.
- h) Grupos de adquisición de linguas
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

A continuación faise referencia, máis pormenorizadamente, a cada unha das medidas extraordinarias que se están levando a cabo no centro:

❖ **ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS.**

Tal e como establece a Orde do 6 de outubro do 1995 as A.C.S. defínense coma as *“modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, (a esta definición teríamos que incluír as competencias básicas) para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais”*.

Á hora de levar a cabo unha adaptación curricular teremos que ter en conta que estas medidas estarán coidadosamente programadas en función das necesidades dos alumnos/as e que terán en conta, na súa elaboración uns criterios tanto pedagóxicos como legais que guiarán a nosa resposta educativa.

1. Criterios pedagóxicos para a elaboración das adaptacións curriculares:

As nosas actuacións guiaranse polos seguintes criterios pedagóxicos:

- **Prevención:** atención temperá.
- **Realismo:** partiremos das necesidades reais dos alumnos/as.
- **Normalización:** manter o máximo posible do currículo ordinario.
- **Flexibilidade:** que permita os axustes necesarios.
- **Planificación:** en todo o proceso (elaboración, seguimento, avaliación).



- **Continuidade:** na resposta educativa ao longo da escolaridade.
- **Coordinación:** de todos os implicados.
- **Coherencia:** criterios comúns nas actuacións.
- **Funcionalidade:** utilidade dos aprendizaxes.
- **Curricularidade:** actuacións integradas no currículo.
- **Desenvolvemento persoal:** desenvolvemento integral do alumno/a.
- **Integración social:** modelo psicopedagóxico.
- **Inclusión:** non discriminación e igualdade de oportunidades.
- **Operatividade:** que logre o propósito para o que está deseñada.

2. Criterios legais para a elaboración das adaptacións curriculares:

Á hora de elaborar as adaptacións curriculares teremos en conta a seguinte normativa:

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia..
- Orde 25 de Xuño do 2009, que regula a implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

3. Proceso de elaboración dunha AC:



Iniciarase o proceso de elaboración dunha adaptación curricular cando se considere que, esgotadas as demais medidas ordinarias de atención á diversidade, esta é a mellor opción para atender ás necesidades do alumnado. O **proceso** que teremos que seguir é:

Proceso de identificación:

- Ao comezo do curso a través da **avaliación inicial** realizada polos titores (*Orde do 23 de novembro do 2007 e Orde 25 de Xuño do 2009*).
- No caso de considerarse necesario a elaboración da A.C., o/a xefe/a do departamento de orientación realizaría unha **avaliación psicopedagóxica** (*Orde do 31 de outubro de 1996*), na que se avaliarían tanto aspectos individuais do alumno/a coma do contexto escolar, familiar e social no que está inserto/a.

Decisións sobre a súa elaboración:

Unha vez identificadas as necesidades do alumno/a convocaríase unha **reunión** coordinada polo/a xefe/a de estudos á que asistirán o/a titor/a, os mestres/as que imparten as áreas que se consideren obxecto de adaptación curricular, a especialista en pedagogía terapéutica, a especialista en audición e linguaxe a a xefa do departamento de orientación. Nesta reunión decidirase a pertinencia ou non da adaptación, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.

O titor ou titora Informara á familia sobre a decisión tomada.

Proceso de elaboración:

O titor/a coordinará este proceso, segundo o establecido no artigo 81.f do decreto 374.

Unha vez decididas as áreas nas que se va a realizar a AC procédese a iniciar a súa elaboración, a cal é competencia do mestre que imparte a área en cuestión, co asesoramento do departamento de orientación. Estes mestres deberán recoller os seguintes datos:

- Competencias xa adquiridas respecto do currículo de referencia.
- Necesidades educativas respecto das capacidades establecidas no currículo dereferencia.
- Obxectivos, competencias clave, contidos e criterios de avaliación.
- Recursos humanos e materiais que se van a empregar.
- Planificación do seguimento: datas, persoas que interveñen, rendemento do alumno/a, adecuación dos recursos, adecuación da programación,...

Proceso de solicitude e autorización:

Dado que as AC son consideradas coma *medidas extraordinarias de atención á diversidade* será preciso



solicitar a súa autorización. Neste senso, unha vez recompilados todos os datos (psicosociais, contorno socio-familiar, contorno escolar e pedagóxicos) o/a director/a envía a proposta de adaptación curricular á Inspección Educativa, que emitirá un informe aprobando ou desestimando a mesma.

No caso de aprobación, comezaríamos a levala a cabo; no caso de desestimación dependería das razóns interpostas pola Inspección: inadecuación da proposta (poderíase reformular), inadecuación da medida,...

A proposta de adaptación curricular debe presentarse á dirección antes do 30 de novembro.

Avaliación e rexistro:

- Para a avaliación e a promoción tomarase como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados na A.C. do alumno.
- Revisaranse, polo menos, unha vez ao final de cada curso. Atenderase ao especificado no documento de A.C.
- As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia ós obxectivos e ós criterios de avaliación do nivel sobre o que se elaborara a adaptación.
- A avaliación psicopedagóxica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.
- As A.C. constarán nos seguintes documentos de avaliación:
 - Actas de avaliación.
 - Expediente académico.
 - Historial académico.

❖ **APOIO DO PROFESORADO DE PT E AL**

Tendo sempre como referentes o principio de integración, a Xefatura do DO elevará á dirección para a súa autorización, a proposta de organización dos apoios específicos para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, despois de escoitar as necesidades demandadas polo profesorado.

Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

- Atenderase preferentemente ao alumnado obxecto dunha AC.
- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica. Continuando cos apoios de PT e AL daqueles alumnos que foron obxecto de apoio o curso anterior, se así se recolle no informe de final de curso, e dos que así se aconselle no informe final, priorizando educación



primaria sobre educación infantil.

- O alumnado de nova incorporación ao centro atenderase atendendo ao *dictame* de escolarización se existise e ao informe psicopedagóxico, respectando os criterios anteriores.
- Buscarase un apoio de calidade fronte a un apoio en cantidade.
- A atención a este alumnado, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado (orde do 24 de xullo de 1998). Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumnado fóra do grupo ordinario.
- A atención diferenciada aos alumnos/as con NEE fóra da aula ordinaria será temporalizada compatibilizándoa nas áreas obxecto de apoio coa atención docente directa dentro da aula ordinaria por parte dos mestres/as do grupo ordinario.

As funcións do profesor especialista en Pedagogía Terapéutica serán entre outras:

- Facer intervencións de apoio e colaborar co titor/a na atención educativa destes alumnos.
- Elaboración de materiais específicos e recursos para ao seu alumnado.
- Participación na avaliación e promoción do alumnado con NEAE.
- Asesorar e colaborar co titor e o equipo de mestres/as nas adaptacións curriculares individualizadas
- Participar na avaliación do alumnado atendido.
- Participación nos claustros, equipos de ciclo, equipos de nivel, D.O e CCP proponendo medidas que faciliten a resposta aos alumnos/as con N.E.A.E.

As funcións do especialista en AI neste centro serán entre outras:

- Facer intervencións de apoio, especialmente as referidas a: trastornos da linguaxe, trastornos da fala, xordeiras e hipoacusias, trastornos da fala que teñan incidencia na lecto – escritura na etapa de primaria.
- Elaboración de materiais específicos e recursos para ao seu alumnado.
- Participación na avaliación e promoción do alumnado con NEAE.
- Asesorar e colaborar co titor nas adaptacións curriculares.
- Participar na avaliación do alumnado atendido.



- Participación nos claustros, equipos de ciclo, equipos de nivel, D.O e CCP propondo medidas que faciliten a resposta aos alumnos/as con N.E.A.E..

Grupos de adquisición de linguas

Formaranse estes grupos seguindo a orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se regula atención específica á alumnado procedente do estranxeiro. A determinación das necesidades de cada alumno realizarase a través da avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da incorporación ó sistema educativo, segundo o establecido nos artigos 13 e 17 da Orde do 27 de decembro de 2002. Estes grupos teñen como finalidade o impulso dunha formación inicial nas linguas vehiculares do ensino.

O alumnado poderá formar parte deste grupo durante un tempo máximo dun trimestre, aínda que a inspección educativa pode autorizar a ampliación excepcional deste período. O horario máximo de pertenza a un grupo destes é: 5 períodos lectivos no último curso de EI, 10 no 1º ciclo de EP e 20 no segundo e terceiro ciclo.

No último curso de E.I. e no 1º ciclo de E.P. tamén se levarán a cabo no contorno da aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.

Nas materias de educación física e artística permanecerán co seu grupo de referencia.

Ademais levaranse a cabo as medidas propostas no proxecto lingüístico do centro para a atención do alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas. No que se fai mención a necesidade de ter en conta ao alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro.

Criterios sobre a promoción ou non do alumnado.

Á hora de decidir sobre a promoción dun alumno/ a ao curso seguinte terase en conta o lexislado respecto da avaliación en educación infantil O. do 25 de xuño de 2009 e en Educación Primaria Orde do 23 de novembro do 2007 e no Decreto 105/ 2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria, así como os criterios de promoción aprobados polo claustro de profesores.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional, e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. (Dec 105/2014, art. 13.1)

- Ao remate de nivel, o equipo docente, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do



alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas do 3º curso e do 6º curso de educación primaria.

- O alumno/a accederá ao curso ou a etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, ou os obxectivos de etapa, e que alcanzou o grado de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa de educación primaria, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo titor/a.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E A DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Para executar as medidas de atención a diversidade propostas no apartado anterior, debemos atender aos criterios que xa indicamos no mesmo, a vez que describíamos as diferentes medidas.

A modo de resumo, recordar que primeiro se aplicarán as medidas ordinarias e unha vez esgotadas estas, ou demostradas insuficientes adoptaranse as medidas extraordinarias.

As medidas ordinarias facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro e as características do alumno/a. coa finalidade de dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas na programación de aula.

As medidas extraordinarias están dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que pode requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Para a implementación destas medidas empregaranse os recursos dos que dispón o centro, priorizando o uso dos mesmos cando non foran suficientes, atendendo ao recomendado no informe psicopedagóxico e no informe de reforzo elaborado pola persoa titora.



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Cando sexa necesario, o centro solicitará a través do E.O.E., ou outros canais axeitados para tal fin, a provisión de recursos específicos para atender as necesidades educativas da diversidade do seu alumnado. Nos diferentes apartados que constitúen este plan, xa se foi facendo referencia aos profesionais implicados na execución das diferentes medidas de atención á diversidade. Neste apartado, realizamos un resumo, non exhaustivo, das mesmas, co reparto das medidas nos tres trimestres do curso.



1º TRIMESTRE

ACTUACIONES	RESPONSABLES
<p>Avaliación inicial:</p> <p>*Recollida de información: expediente, informe de avaliación final,</p> <p>* Aplicación de probas,recollida de información de expediente, informe de avaliación individualizado, informe persoal por traslado ...</p> <p>*Reunión de avaliación inicial: intercambio de información e toma dedecisións.</p>	<p>-Equipo directivo</p> <p>-Equipo docente, coordinado polo titor/a.</p> <p>-Orientadora.</p> <p>-Mestras PT/AL</p>
<p>- Organizar a posta en marcha de medidas organizativas de atención ádiversidade:</p> <p>tipo de medida, distribución horaria, criterios para a asignación dealumnado, metodoloxía, avaliación. Concretar na PXA.</p>	<p>-Equipo directivo</p> <p>-Orientadora</p> <p>-Mestras PT/AL</p>
<p>-Adaptacións das programacións ao alumnado, concreción na PXA.</p>	<p>-Titoría</p>
<p>-Organización do Reforzo Educativo.</p>	<p>-Equipo directivo</p>



	-Titor/a -Orientadora
-Elaborar horario da aula de apoio coa profesora de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.	-Mestras PT/AL -Orientadora
-Reunión inicial coas familias(titorías)	-Titor/ a -Orientadora
- Elaborar/revisar as ACS en outubro e novembro.	-Mestraa PT/ AL. -Titor/a, especialistas -Orientadora
-Reunións individuais coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: información das medidas de atención á diversidade, horario de apoio, rexistro das AC no expediente, entrevista inicial.	-Profesores PT/AL -Orientadora -Titor/a



- Elaboración/ Revisión de informes de avaliación psicopedagóxica se procede.	-Orientadora
-Realización dos Ditames de Escolarización que procedan.	-Orientadora
-Asesoramento para a correcta definición dos alumnos de necesidades específicas de apoio educativo na aplicación drdadi.	-Orientadora -Equipo directivo
- Realizar as avaliacións do alumnado derivado ó Departamento de Orientación para detectar e valorar ó alumnado con dificultades educativas e propoñer a resposta máis axeitada en coordinación co titor/a, realizando o correspondente seguimento.	-Orientadora
-Reunión con servizos sociais para o seguimento de alumnado en situación de risco social.	-Orientadora -Xefe de estudos -Titores
-Coordinación coa coidadora	-Coidadora -Xefa de Estudos -Orientadora
Actividades co IES adscritos para mellorar a transición entre etapas educativas.	Titor/a Orientadora Equipo directivo



2º TRIMESTRE

ACTUACIÓN	RESPONSABLE
-Seguimentos das medidas iniciadas no 1º trimestre	-En función da medida
Posta en marcha das medidas acordadas na xunta de avaliación	- En función da medida
-Análise dos resultados académicos do 1º trimestre e propostas de mellora.	-CCP
- Elaboración/ Revisión de informes de avaliación psicopedagóxica se procede.	-Orientadora
-Realización dos Ditames de Escolarización que procedan.	-Orientadora
-Actividades co IES adscritos para mellorar a transición entre etapas educativas.	-Titor/a



	-Orientadora
	-Equipo directivo

3º TRIMESTRE

ACTUACIÓN	RESPONSABLES
-Seguimentos das medidas levadas a cabo no 2º trimestre	-En función da medida
-Posta en marcha das medidas acordadas na xunta de avaliación	-En función da medida
- Análise dos resultados académicos do 2º trimestre e propostas de mellora.	-CCP
-Elaborar os informes de avaliación individualizados.	-Titor/a
- Elaboración/ Revisión de informes de avaliación psicopedagóxica se procede.	-Orientadora
-Realización dos Ditames de Escolarización que procedan	-Orientadora
-Actividades co IES adscritos para mellorar a transición entre etapas educativas.	-Titor/a - Orientadora -Equipo directivo



<p>-Elaboración da memoria final de Centro na que se recollan as propostas de mellora para o seguinte curso en relación á atención á diversidade.</p>	<p>-Equipos docentes</p> <p>-Departamento de Orientación.</p> <p>-Equipo directivo</p>
---	--

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNAS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

A LOE coa redacción dada pola LOMCE sinala que é preciso o “esfuerzo compartido de toda a comunidade educativa” por iso é moi necesario poñer en práctica diferentes mecanismos de coordinación e colaboración cos diferentes membros da comunidade educativa.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS

- Xunta de avaliación inicial e xuntas de avaliación trimestrais.
- Reunión mensual do departamento de orientación: información xeral, toma de decisións e seguimento do alumnado.
- Reunión semanal orientadora/ profesora de PT/ profesor de AL para o seguimento dos acneae,
- Reunión mensual dos equipos docentes: seguimento do alumnado.



MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN CO CENTRO ADSCRITO

En canto aos mecanismos de coordinación co IES adscrito, terán como principal obxectivo a potenciación da coordinación docente entre os centros nos que vaian a continuar estudos os alumno e alumnas, e o establecemento de accións que favorezan o tránsito da etapa de educación primaria á secundaria.

Seguindo esta idea, o CEIP A Laxe en colaboración co IES Mestre Landín, ao que está adscrito, prepara o Plan de Aproximación á Secundaria, a desenvolver durante o curso, e para o sexto nivel de primaria. Pode complementarse este plan coa aplicación da Batería de Aptitudes Diferenciais e Xerais BADYG E 3, ao alumnado deste nivel. Ademais prepárase co IES adscrito a “**Xornada de Presentación**” do instituto aos futuros alumnos/as e aos seus pais. Convócanse a unha reunión, onde lles presentan o centro, explícaselles a súa historia, os seus órganos de goberno, as ensinanzas que imparten, os recursos que posúen e os servizos docentes e actividades que desenvolven.

- Reunións trimestrais do D.O. do IES.

- Reunións dos titores de 6º nivel cos directores dos departamentos didácticos do IES

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

E imprescindible manter unha estreita relación coa familia a fin de acadar unha axeitada implicación e colaboración na educación do seu fillo ou filla, para o que se lles informará periodicamente e se requirirá a súa participación naqueles aspectos que se considere necesario respectando sempre a liña que se estea a seguir no centro e como complemento a acción deste.

- Reunión inicial do titor/a coas familias.

- Reunión inicial orientadora/PT/AL coas familias de ACNEAE para informar dos horarios



de

apoio, adaptacións curriculares, proceso de ensino-aprendizaxe.

- Reunións periódicas durante o curso entre titor/a e familias, para o seguimento do alumnado.
- A través das notificacións na axenda escolar.
- Participación das familias en diversas actividades do centro: información para facilitar a transición entre etapas educativas,...
- A través dos seus representantes no Consello Escolar.

- A través da ANPA.

CANLES DE COLABORACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

Solicitude de asesoramento, información ou intervención do equipo de Orientación Específico de Pontevedra, segundo o procedemento e modelo existente.

A solicitude a realiza a xefatura do departamento de orientación ou dirección.

SERVIZOS DE SAÚDE

Colaborar e solicitar información con pediatría e cos servizos do CHOP (Saúde Mental, Rehabilitación, Atención Tempera.) ou calquera outro profesional que atenda ao alumnado do Centro e que solicite a nosa colaboración (logopeda, foniatra...).

O intercambio de información realizase a través da xefatura do D.O., previa autorización da familia.

SERVIZOS MUNICIPAIS

Mantemos coordinación cos Servizos Sociais do Concello, e o CIM para intercambiar información e coordinar programas asistenciais e/ou de apoio escolar aos que asisten alumnos/as do Centro. Mantemos contactos periódicos para acordar pautas de actuación nos casos de alumnos/as con diferentes



problemáticas sociofamiliares (absentismo, problemas socioeconómicos...)

O intercambio de información realízase a través da xefatura do D.O., e/ou do titor/a, previa autorización da familia.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

1º. O titor/a, o mestre/a especialista ou a familia detecta necesidades educativas nun alumno/a

2º. A persoa que detecta as necesidades fai unha primeira valoración do alumno/a no contexto de ensinanza aprendizaxe (observación na aula, análise de tarefas ...)

3º. Pon en marcha de medidas ordinarias: metodoloxía, reforzo educativo, contrato de conduta, control do estudo ...

As medidas adoptadas resolven as dificultades?

SI: O alumno/a pode seguir a programación de aula coas medidas ordinarias. NON: Derivar ao departamento de orientación para a avaliación psicopedagóxica.

4º. O titor/a entrega a Folla de Demanda e o informe de titoría á xefatura do D.O.5º.

Avaliación psicopedagóxica:

-Entrevista familiar (autorización e recollida de información): titor/a e orientadora. -Valoración do nivel de competencia curricular do alumno/a: titor/a, mestre especialista.

-Valoración do estilo de aprendizaxe: titor/a.

- Avaliación xeral do alumno/a (probas, observación, traballo na aula...): Orientadora

O alumno/a presenta necesidades específicas de apoio educativo?

NON: - Medidas ordinarias de atención á diversidade: Titor-a/ mestre-as especialistas/Orientadora.

SI: - Informe de avaliación psicopedagóxica + ditame de escolarización, se procede: Orientadora.

- Medidas extraordinarias de atención á diversidade (apoio de PT/AL, ACS...) : orientadora/titor-a /mestres-as especialistas / profesores de PT e AL.



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Informar á familia e solicitar autorizacións: Titor/a, orientadora.

A aplicación de medidas ordinarias e extraordinarias de atención a diversidade a un alumno ou alumna, será coordinada polo mestre/a titor/a, e serán levadas a cabo, por el/a mesmo, os mestres/as especialistas, por docentes con dispoñibilidade horaria, pola especialista en audición e linguaxe, e/ou pola especialista en Pedagogía terapéutica segundo proceda en función da medida adoptada. A persoa titora será a responsable de elaborar o informe das medidas adoptadas e de facelas constar no expediente do alumno ou alumna.

DOCUMENTOS: (ver anexo)

Demanda ao Departamento de Orientación.

Informe de tutoría.



Autorización para a intervención da especialista en Audición e Linguaxe.

Autorización para a intervención da especialista en Pedagogía Terapéutica.

Autorización para a realización de probas psicométricas.

Información sobre A.C.

Información sobre flexibilización en Educación Infantil. Información sobre flexibilización en Educación Primaria.

10.PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O seguimento e a avaliación de todos os elementos do Plan constitúen un proceso básico no axuste e na mellora da atención á diversidade.

Avaliación Inicial: O Plan xeral de atención á diversidade concretarase anualmente na Programación Xeral Anual, en base á información e propostas recollidas no curso anterior.

Avaliación continua: Durante o curso académico iranse introducindo aquelas modificacións que se consideren necesarias para mellorar a eficacia do Plan.

Avaliación final: Ao rematar o curso académico, recollerase a información aportada polas xuntas de avaliación, as actas das reunións de Departamento de Orientación e outros órganos de centro... e plasmarase na Memoria do Departamento de Orientación, que forma parte da Memoria anual do Centro.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do PXAD, segundo se recolle no punto 3 do artigo 14 do Decreto 229/2011.



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ANEXOS

- 1. DEMANDA AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**
- 2. INFORME DE TITORÍA**
- 3. AUTORIZACIÓN PARA A INTERVENCIÓN DA ESPECIALISTA ENAUDICIÓN E LINGUAXE**
- 4. AUTORIZACIÓN PARA A INTERVENCIÓN DA ESPECIALISTA ENPEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**
- 5. AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS POR PARTE DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**
- 6. INFORMACIÓN SOBRE ADAPTACIÓN CURRICULAR.**
- 7. INFORMACIÓN SOBRE FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN.**
- 8. INFORMACIÓN SOBRE FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN.**



CEIP DA LAXE
 República Arxentina, 40
 36900 Marín
 TLF: 886151345
 ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
 www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA,
 EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

DEMANDA AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Solicitada por:

.....**DATOS**

DO ALUMNO/A:

NOME E APELIDOS: _____

IDADE: _____ **CURSO ACADÉMICO:** _____

TITOR/A : _____

DATA DA DEMANDA: _____

Motivo, problema, preocupación,... da demanda e accións realizadas ata o momento para solventalo:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Actitude do alumno/a ante a súa dificultade:

.....



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

.....

.....

.....

IMPORTANTE: Adxuntar informe de titoría.

Asinado:



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

INFORME DE TITORÍA

Data:

Grupo:

Titor/a:

Alumno/a:

1. Describe ao alumn@, facendo fincapé nos puntos fortes e febles:

Rutinas:

Normas:

Lectura:

Escritura:

Cálculo e razoamento:

Realización de tarefas:

Relacións cos iguais:



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Relación cos docentes:

Coidado do material:

Autonomía:



2. Reforzos en aula:

Adaptación de tempos, metodoloxía, organización de aula, explicacións individualizadas, elaboración de materiais,..

(Indica as medidas de reforzo ordinario empregadas hasta o momento, facendo referencia aos resultados acadados, incluíndo aquelas que se desbotaran por nonser eficaces e as que aínda non teñan resultados):

REFORZOS EN AULA		
MEDIDA	MODO DE APLICACIÓN	RESULTADO
Temporalización		
Metodoloxía		
Organización de aula		
Materiais		
Avaliación		
Agrupamento		

3. Outros datos de interese

Asinado:



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

AUTORIZACIÓN PARA A INTERVENCIÓN DA ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE

Don/dona con

DNI. como pai/nai/titor/a do alumno/a.....

AUTORIZO á especialista en Audición e Linguaxe a intervir no proceso educativo de dito alumno/a, de cara a superar as necesidades específicas de apoio educativo que presenta e si fose necesario a sácalo/a da aula para unha intervención máis individualizada.

- Autorizo
- Non autorizo (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta intervención)

Asdo:

Para calquera consulta ao respecto, non dubide en poñerse en contacto co mestre/atitor/a do alumno/a no horario de titorías ou coa orientadora os luns de 10:00 a 14:00h.

Agradecendo a súa colaboración reciban un cordial saúdo.

O/A Orientador/a.



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

AUTORIZACIÓN PARA A INTERVENCIÓN DA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Don/dona con

DNI. como pai/nai/titor/a do alumno/a.....

AUTORIZO á especialista en Pedagogía Terapéutica a intervir no proceso educativo de dito alumno/a, de cara a superar as necesidades específicas de apoio educativo que presenta e si fose necesario a sácalo/a da aula para unha intervención máis individualizada.

- Autorizo
- Non autorizo (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta intervención)

Asdo:

Para calquera consulta ao respecto, non dubide en poñerse en contacto co mestre/atitor/a do alumno/a no horario de titorías ou coa orientadora os luns de 10:00 a 14:00h.

Agradecendo a súa colaboración reciban un cordial saúdo.

O/A Orientador/a.



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRBAS POR PARTE DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Don/dona con

DNI. como pai/nai/titor/a do alumno/a.....

AUTORIZO á Xefatura do Departamento de Orientación do C.E.I.P “A Laxe”, a realización das **probos psicopedagóxicase curriculares** pertinentes ao dito alumno/a , de cara a determinación das necesidades específicas de apoio educativo que presente e mellora do aproveitamento e organización dos recursos existentes.

Garantindo a total confidencialidade dos resultados.

- Autorizo
- Non autorizo (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta avaliación)

Asdo:

O/A Orientador/a.



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para calquera consulta ao respecto, non dubide en poñerse en contacto co mestre/atitor/a do alumno/a no horario de titorías ou coa orientadora os luns de 10:00 a 14:00h.

Agradecendo a súa colaboración reciban un cordial saúdo.

O/A Orientador/a.



CEIP DA LAXE
 República Arxentina, 40
 36900 Marín
 TLF: 886151345
 ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
 www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA,
 EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

INFORMACIÓN SOBRE ADAPTACIÓN CURRICULAR.

Don/dona con

DNI. como pai/nai/titor do/a alumno/a

..... fun INFORMADA polo titor/a

..... da conveniencia de elaborar unha Adaptación Curricular ao meu/ miña fillo/filla, e do que isto significa.

Comprendendo que a AC é o mellor xeito de atender as necesidades educativas do/ameu/miña fillo/a AUTORIZO a realización da mesma.

Autorizo

Non autorizo (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade de adoptar esta medida)

Asdo:

O/A Titor/a.



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para calquera consulta ao respecto, non dubide en poñerse en contacto co mestre/atitor/a do alumno/a no horario de titorías ou coa orientadora os luns de 10:00 a 14:00h.

Agradecendo a súa colaboración reciban un cordial saúdo.

O/A Titor/a.



INFORMACIÓN SOBRE FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN.

Don.....con

DNI. como pai/nai/titor legal do alumno/a

..... fun INFORMADO polo titor

..... e pola orientadora da

conveniencia de Flexibilizar a permanencia no 2º ciclo de educación infantil do meu fillo/a, e do que isto significa.

Comprendo que a FLEXIBILIZACIÓN é o mellor xeito de atender as necesidades educativas do meu fillo/a e dou a miña CONFORMIDADE EXPRESA para a realización da mesma.

- Si
- Non (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade de adoptar esta medida)

Asdo:

Data:

Para calquera consulta ao respecto, non dubide en poñerse en contacto co mestre/a titor/a do alumno/a no horario de titorías ou coa orientadora os luns de 10:00 a 14:00h. Agradecendo a súa colaboración reciban un cordial saúdo.



CEIP DA LAXE
República Argentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O/A orientador/a.

O/A titor/a.



INFORMACIÓN SOBRE FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN.

Don.....con

DNI. como pai/nai/titor legal do alumno/a

..... fun INFORMADO polo titor

..... e pola orientadora da

conveniencia de Flexibilizar a permanencia no 6º nivel de educación primaria do meu fillo/a, e do que isto significa.

Comprendo que a FLEXIBILIZACIÓN é o mellor xeito de atender as necesidades educativas do meu fillo/a e dou a miña CONFORMIDADE EXPRESA para a realización da mesma.

- Si
- Non (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade de adoptar esta medida)

Asdo:

Data:

Para calquera consulta ao respecto, non dubide en poñerse en contacto co mestre/a titor/a do alumno/a no horario de titorías ou coa orientadora os luns de 10:00 a 14:00h. Agradecendo a súa colaboración reciban un cordial saúdo.

O/A orientador/a.

O/A titor/a.



PLAN DE

ACCIÓN

TUTORIAL

PAT





INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL.....	2
3. OBXECTIVOS	3
4. FUNCIONS DO/A TITOR/A	5
5. REUNIONS A REALIZAR.....	7
6. CONCRECIÓN DA ACCIÓN TITORIAL	8
7. AVALIACIÓN.....	10
8. ANEXOS	11



1. INTRODUCCIÓN.

O Plan de Acción Titorial é un instrumento que ten como obxectivo procurar a dinamización da acción titorial. Formará parte do PE que todo o profesorado debe coñecer, aplicar e realizar as propostas de mellora cando así se consideren.

A acción titorial é unha actividade inherente á función do todo mestre/a sendo o titor/a quen debe asumir a responsabilidade de coordinar as actuacións para optimizar o desenvolvemento do alumnado en todos os aspectos.

2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

- ❖ Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG 21-10-96), polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- ❖ Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG 27-04-98), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Art. 6º. 1. b.
- ❖ Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG 31-07-98), pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa na CAG regulada polo decreto anterior. Art. 10º. b.
- ❖ Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOE (BOE 04-05-06).
- ❖ Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da Calidade Educativa. LOMCE (BOE 10-12-2013)
- ❖ Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitariode Galicia.
- ❖ Orde do 28 de xuño do 2010 pola que se modifica parcialmente a orde do 22 dxuño de 1997 que regula determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ❖ Decreto 105, 2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.



- ❖ Orde do 23 de novembro de 2007, avaliación da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

3. OBXECTIVOS

Respecto ao alumnado

- ✓ Facilitar o proceso de adaptación dos alumnos/as a nova situación escolar.
- ✓ Facilitar a integración do alumnado no seu grupo clase e no conxunto dadinámica escolar.
- ✓ Coñecer as características persoais e aspectos da situación familiar dos alumnos/as.
- ✓ Recoller por escrito información do/a alumno/a no plano persoal e familiar (hábitos de hixiene, estilos de aprendizaxe, comportamento, ocio...), mediante rexistros, entrevistas, anecdotarios, diarios de clase, ...
- ✓ Crear e desenvolver hábitos básicos de: limpeza, orden, convivencia, participación, responsabilidade, e autonomía.
- ✓ Favorecer o desenvolvemento da óptima identidade persoal, así como o autoconceito e a autoestima.
- ✓ Contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensinanzaaprendizaxe.
- ✓ Realizar un seguimento dos procesos de aprendizaxe dos alumnos/as, para detectar as dificultades e necesidades específicas de apoio educativo coafinalidade de elaborar respostas educativas axeitadas.
- ✓ Coordinar o proceso de avaliación dos seus alumnos/as, así como a asesorar eorientar sobre a súa promoción dun nivel a outro, ou a outra etapa.
- ✓ Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas no centro e no seu contorno social- cultural.
- ✓ Preparación e adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas, sobre as que se asentarán o resto



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
de aprendizaxes escolares sempre tendo presente os aspectos diferenciais de cada un.

- ✓ Progresiva adquisición de hábitos de autonomía, técnicas de autoaprendizaxe e de traballo intelectual
- ✓ Realizar unha avaliación sistemática no proceso de ensino-aprendizaxe, co fin de axustar as programacións ás necesidades educativas do grupo.

2. Respecto á familia

- ✓ Potenciar unha relación fluída entra as familias e o centro
- ✓ Informar e asesorar aos pais acerca da marcha dos seus fillos/as.
- ✓ Implicar aos pais en actividades de apoio no proceso de aprendizaxe.
- ✓ Informar, asesorar, e orientar aos pais en todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos.
- ✓ Pedir a colaboración dos pais nas actividades complementarias do centro, e asúa participación en actividades organizadas pola comunidade educativa.

3. Respecto do profesorado

- ✓ Coordinar as actividades entre os diferentes equipos docentes.
- ✓ Coordinar a información acerca dos alumnos/as que teñan os diferentes mestres e mestras que inciden no grupo, especialmente para aqueles alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
